



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A COMPRA DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS PARA OFICINA DE EMPREGO SOLICITADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Por orde do 29 de abril de 2019 acordouse aprobar o expediente para a adquisición dun inmoible no concello de Cangas, para oficina de emprego, polo procedemento de concurso público.

Con data 18 de xuño de 2019 anunciouse no DOG nº 114 e no diario Faro de Vigo o mencionado concurso. Dentro do prazo outorgado presentouse a seguinte proposta:

- Abanca Corporación Inmobiliaria, SL

Tralas distintas reunións da mesa de contratación, o día 12 de setembro de 2019 acordouse propoñer a adxudicación do contrato de compra a favor de Abanca Corporación Inmobiliaria, SL por importe de 231.400,00 €

Vistas as devanditas actas da mesa de contratación, e de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 45.3 do Decreto 50/1989, polo que se aprobou o Regulamento para a execución da Lei, propónse a adopción polo conselleiro de Facenda da resolución seguinte,

De conformidade coas competencias atribuídas no artigo 50 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 45.3 do Decreto 50/1989, polo que se aprobou o Regulamento para a execución da Lei, e trala proposta da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, e logo do informe favorable da Intervención Delegada da Consellería de Facenda,

RESOLVO:

Primeiro

Acordar a adxudicación do contrato de compravenda dun inmoible no concello de Cangas, a favor de Abanca Corporación Inmobiliaria, SL, propietaria de dous locais contiguos na avenida de Lugo, 37-39/41-43, no concello de Cangas, por un importe de 231.400,00 €.

Segundo

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes ante o conselleiro de Facenda nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnada directamente no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela,
O conselleiro de Facenda
P.D. (Orde 09/01/12)

M^a del Socorro Martín Hierro

